



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE, E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA, PARA A CONTINUACIÓN DAS OBRAS NO TEATRO CINE FRAGA DE VIGO

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude,

DECLARA:

Que esta Dirección Xeral ten previsto formalizar coa Deputación Provincial de Pontevedra o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia de catro anos dende a súa sinatura, sen prexuízo da realización dunha ou sucesivas prórrogas por un período adicional total de ata catro anos.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Sentar as bases de colaboración entre as partes asinantes para darlle continuidade as obras do Teatro Cine Fraga, logo da súa adquisición, dotando á cidade de Vigo dun centro de desenvolvemento cultural pioneiro tanto en Galicia coma no noroeste de España, dando cumprimento ao servizo público da cultura en sentido amplo, e tendo en conta a proporción e porcentaxe de titularidade de cada unha das institucións no citado inmovible.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, e a Deputación Provincial de Pontevedra consideran esencial o establecemento de accións conxuntas que permitan sentar as bases de colaboración para darlle continuidade ás obras do Teatro Fraga para recuperar como espazo público un inmovible simbólico e referencial para Vigo e Galicia.

Dada a especificidade e exclusividade das actuacións a realizar non é posible promover a concorrência, polas especiais características da entidade coa que se convenia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos recollidos na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria.

